

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL.

CURSO 2016-2017

PLAN ANUAL. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1) Promover unha maior implicación dos pais/nais dos alumnos no proceso de aprendizaxe dos seus fillos, a través das reunións cos titores/as e co Equipo Directivo como se fixo no inicio do actual curso académico.

2) Manter a atención especial aos alumnos/as con carencias no proceso de aprendizaxe e integración, nun curso académico este cun importante número de alumnos e alumnas con dificultades.

3) Ser capaces de responder á demanda e as necesidades dunha comunidade educativa e do alumnado:

No ensino ordinario atopamos familias preocupadas pola educación dos fillos e fillas, xa polos resultados académicos xa por unha formación integral. No ensino posobrigatorio, alumnado que tenta acceder tanto á Universidade como aos ciclos medios ou superiores. No ciclo medio de 'Vídeo Dj, imaxe e son' alumnado que procura unha formación de dous anos que lle permita entrar no mundo laboral. Achegaranse charlas de empresarios e traballadores, visitas a diferentes empresas e a FCT que xa se atopa marcada na normativa.

4) Potenciar a atención ao alumnado establecendo horas específicas de talleres de Tecnoloxía e Laboratorios de Idiomas con profesorado específico e auxiliares de conversa en inglés e francés; para esas aulas mesmo con desdobres cando existan esas posibilidades.

5) Colaborar co centro adscrito ao noso centro e cos outros da área de influencia e contorna para dar a coñecer a oferta educativa, facilitar a incorporación dos novos alumnos e promocionar a imaxe do Centro.

6) Fomentar a convivencia e participación no Centro difundindo ao máximo o Regulamento de

Réxime Interior (RRI) entre tódolos membros da comunidade educativa ao abeiro da Lei de Convivencia e Participación 4/2011.

7) Fomentar o uso da lingua galega no Centro, apoiando as iniciativas que a tal fin elabore o Profesorado dos diferentes Departamentos Didácticos e o Equipo de Dinamización Lingüística sobre a base do Proxecto Lingüístico de Centro.

8) Continuar coa potenciación do uso da Biblioteca 'María Mariño' (incorporada desde hai anos ao PLAMB) que xa se viña facendo en anos anteriores, dos Clubs de Lectura para persoas adultas e tamén o xuvenil así como dos Cafés de Linguas (inglés e francés).

9) Promocionar a labor do Departamento de Orientación, profundando no plan de acción tutorial, e informando sobre os itinerarios formativos mais axeitados aos intereses dos alumnos, tanto durante a súa escolarización no Centro como ao remate dos seus estudos. Proxectar información sobre a LOMCE e a FP básica.

10) Interrelacionar o Centro co espazo sociocultural da vila de Noia: Concello, Casa da Cultura, Coliseo, Liceo... desde a revista do centro, 'Casa da Gramática', a organización do Certame de Relato de Aventuras Antón Avilés de Taramancos que chega á XVI edición, a convocatoria do certame das Letras Galegas entre os dous IES da vila que chega aos vinte e seis anos de colaboración, o convenio anual co Concello de Noia, os coros infantil e de adultos que colaboraron con diferentes institucións da vila e a comarca...

11) Repartir, segundo as necesidades expostas diante da Secretaría do centro, unha parte do orzamento de centro entre os Departamentos e atender as demandas destes Departamentos Didácticos.

12) Actualizar e manter ás subscricións ás publicacións periódicas segundo criterio do profesorado e o equipo de biblioteca.

13) Colaborar coa Extensión-Sección da Escola Oficial de Idiomas, EOI inglés e francés, para que poidan desenvolver as súas actividades nas mellores condicións posibles.

14) Apostar polas Tecnoloxías da Información e da Comunicación con diversas medidas que faciliten e melloren o uso destas ferramentas coa axuda do profesorado colaborador :

- *Actualización e renovación de ordenadores nas aulas dos grupos que teñen equipos obsoletos.

- * Mantemento dos encerados dixitais nalgunhas aulas.

- * Mantemento dos proxectores nas aulas que aínda non dispoñen desta infraestrutura.

- * Aula Virtual. Crear os contidos dos diferentes Departamentos Didácticos nunha ferramenta esencial de traballo co alumndo.

- *Páxina web. Actualización e mantemento

*Dominio iesvirxedomar.gal para alumnado e profesorado.

15) Potenciar as medidas encamiñadas a atallar o absentismo escolar como son o control por parte dos titores e, se é o caso, as chamadas á casa dos alumnos/as que non se atopan na aula a 1ª hora, medida que xa obtivo unha boa acollida por parte dos pais dos alumnos en cursos anteriores.

16) Mantemento informativo-normativo na comunidade escolar arredor do plan de autoprotección do centro, aprobado polo Consello Escolar e realizado con éxito o curso pasado.

17) Promover o novo ciclo medio Vídeo DJ da familia Imaxe e Son (MIMS01) que se atopa no seu segundo curso académico, colaborando na difusión do mesmo, das súas actividades, proxección laboral e a través das diferentes empresas para a realización das prácticas, FCT.

A competencia xeral deste título consiste en realizar sesións de animación musical e visual en vivo e en directo, e efectuar a captación, a mestura directa, a gravación e a reprodución de son en calquera tipo de proxectos sonoros. Os ámbitos de traballo son: actividades no ámbito do son para producións de cine, vídeo, televisión, multimedia, radio, industria discográfica, espectáculos e instalacións fixas de sonorización, en grandes, medianas e pequenas empresas, públicas ou privadas, en televisións, produtoras de cine e vídeo, emisoras de radio, produtoras discográficas, empresas de dobraxe, empresas de sonorización e produtoras de espectáculos, e en empresas dedicadas á produción de eventos musicais públicos, tales como bares musicais, discotecas, salas de festa, salas de baile, salas de concertos ou festivais, así como en eventos non estritamente musicais, tales como desfiles de moda, presentacións publicitarias ou feiras de mostras, e en grandes, medianas e pequenas empresas, por conta propia ou allea, dedicadas ao tratamento dixital de imaxes.

As posibles ocupacións do alumnado serían: Axudante de son en televisión; microfonista de cine e vídeo; microfonista de concertos musicais; microfonista de espectáculos escénicos; axudante de montaxe de son en cine; disc-jockey; vídeo-jockey; vídeo disc-jockey; light-jockey e retocador fotográfico dixital.

18) Promover hábitos saudables na comunidade educativa coa participación anual no Plan Proxecta Aliménta-T Ben (Froita na escola, Ponlle as pilas ao teu bocata (conservas do mar) e O sabor da aventura está no mar) destinado ao alumnado de ESO cunha dotación de 1.100 euros.

"Aliméntate ben" quere fomentar hábitos saudables na comunidade escolar a través de dietas equilibradas e utilizando produtos de calidade que garantan unha alimentación e desenvolvemento axeitado. Todas as modalidades do programa fan ao alumnado protagonista da súa aprendizaxe en colaboración cos compañeiros e compañeiras. Os proxectos implican aos axentes da comunidade

educativa (profesorado, alumnado, familias, institucións...) e crea así entre todos unha rede de traballo cooperativo que mellora as formas e xeitos de ensinar e aprender.

19) Impulsar o proxecto de mellora da aprendizaxe das linguas como obxectivo estratéxico do Virxe do Mar e para acadar este obxectivo impulsaremos todo tipo de actividades que estean relacionadas coa mellora desta aprendizaxe idiomática.

20) Promover os cursos **CUALE** (segundo RESOLUCIÓN do 28 de abril de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Trátase dun Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado como preparación para as probas de certificación dos niveis das ensinanzas especializadas de idiomas). A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria regulou os cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado (CUALE) a través da Orde do 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado, CUALE, nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia. No labor de potenciaición das linguas estranxeiras teñen un valor moi importante as persoas Auxiliares de Conversa que, neste curso son dúas, e corresponden coas materias de lingua inglesa e francesa.

Este Programa é impartido en horario de tarde polo profesorado do centro.

CUALE FRANCÉS. **A2**, 12 matriculados/as

B1, 13 matriculados/As

CUALE INGLÉS. **A2**, 13 matriculados/as

B1, 20 matriculados/as

21) Promover as **SECCIÓNS BILINGÜES** (inglés e francés) entre o alumnado que, aprobadas pola Administración Educativa, anualmente se desenvolven no centro

3º ESO. Educación Plástica Visual e Audiovisual (inglés)

Grupo A. **14** matriculados/as Grupo B. **14** matriculados/as

3º ESO. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas (francés)

Grupo B. **6** matriculados/as

1º BACH. Filosofía (inglés)

Grupo A. **12** matriculados/as Grupo B. **16** matriculados/as Grupo C. **16** matriculados/as

HORARIO XERAL DO INSTITUTO

O Centro permanece aberto de luns a venres, dende as 08:15 ata as 14:30 pola mañá, e dende as 16:00 ata as 18:30 as tardes do luns. Tamén permanecer aberto polas tardes cando menos entre as 16:00 h e as 21:00 h para utilización da Extensión da Escola Oficial de Idiomas, EOI, e do profesorado do Centro.

As oficinas do Centro terán como horario de atención ó público de 8:30 ás 14:00 hs.

HORARIO LECTIVO DO CENTRO

Cada período lectivo terá unha duración de 50 minutos distribuídos de luns a venres en 6 períodos pola mañá (dende as 08:45 ás 14:25) e 2 períodos o luns pola tarde (dende as 16:20 ata as 18:00). Pola mañá programaranse dous recreos de vinte minutos cada un. Resérvanse os luns a partir das 18:00 horas e as restantes tardes para atención de alumnos con disciplinas pendentes, clases especiais de recuperación e actividades complementarias e extraescolares.

HORARIO DE VERÁN

Durante o mes de xullo o Centro permanece aberto de luns a venres dende as 10:00 ata as 13:00 hs. pola mañá, e no mes de Agosto atenderase por correo electrónico e, de ser preciso, a Dirección do centro e un membro da administración abrirán as dependencias para atender ao público.

CALENDARIO

Segundo o disposto na Orde ORDE do 7 de xuño de 2016 (DOG 15 xuño de 2016) pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2016/17 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, o curso abrangue desde o día 1 de setembro de 2016 ata o 31 de agosto de 2017. As actividades lectivas, na Educación Secundaria Obrigatoria, no bacharelato e na formación profesional, a impartición efectiva de clases realizarase do día 15 de setembro de 2016 ao 23

de xuño de 2017, ambos incluídos. O resto da información (períodos de vacacións, días non lectivos, conmemoracións...) atópase na seguinte ligazón:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20160615_calendarioescolar.pdf

PERÍODOS DE VACACIÓNS

1. **Nadal:** desde o día 22 de decembro de 2016 ata o día 6 de xaneiro de 2017, ambos inclusive.
2. **Entroido:** días 27 e 28 de febreiro e 1 de marzo de 2017.
3. **Semana Santa:** desde o día 10 ata o 17 de abril de 2017, ambos incluídos.

CRITERIOS PEDAGÓXICOS PARA A CONFECCIÓN DOS HORARIOS LECTIVOS

Estes criterios foron elaborados tendo presente o establecido na Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/96, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto), polo que se aproba o regulamento orgánico dos IES, e a rectificación establecida na orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente (DOG 30 de xuño de 2011) e a Orde de 4 de xuño de 2012.

HORARIO DO ALUMNADO

Cada período lectivo terá unha duración de 50 minutos.

Non se poderá asignar a unha área ou materia máis dun período lectivo diario.

As clases daquelas disciplinas que teñan asignadas dúas horas por semana procurarase distribuílas en días non inmediatamente sucesivos.

Para grupos de máis de 25 alumnos en ciencias, física, química, bioloxía e xeoloxía, poderase desdobrar unha hora á semana para prácticas de laboratorio.

En ningún caso as preferencias horarias de profesores ou o dereito deles á elección poden obstaculizar a aplicación destes criterios.

HORARIO DO PROFESORADO

Deberá incluír os períodos lectivos, as horas de redución por cargos e as horas complementarias fixas (gardas de aula e de recreo, titoría de alumnos/pais e Xefaturas de departamento), que sumarán en tódolos casos 23 horas de permanencia semanal.

As restantes horas complementarias, ata 30, serán computadas mensualmente por: asistencia a claustros, CCP, reunión de departamento, sesións de avaliación, preparación de prácticas, actividades de coordinación pedagóxica, actividades complementarias con alumnos, asistencia a actividades de formación, tutoría de profesores en prácticas, etc.

Como norma xeral un profesor/a non poderá impartir máis dunha disciplina afín.

A permanencia no instituto non poderá ser inferior a 3 horas diarias.

Ningún profesor/a poderá elixir horario de disciplinas afíns mentres non estean cubertas tódalas horas do seu departamento.

Ningún profesor/a pode elixir grupos concretos de alumnos (un curso con letra).

Dúas gardas de recreo (20 minutos) equivalen a 1 garda de aula de 50 minutos.

É competencia do equipo Directivo a asignación de tutorías entre os profesores/as.

As tutorías serán asignadas preferentemente a: a) un profesor de materia común a todo o grupo.

ALGÚNS ASPECTOS DESTACABLES

Como norma xeral a Dirección respectará ao máximo posible a elección das materias optativas de tódolos alumnos/as, tanto de ESO como de BACHARELATO, cumprindo na medida do posible as ratios mínimas establecidas pola Consellería para materias optativas (de oferta obrigatoria ou opcional) e para as materias propias de modalidade do Bacharelato e todo ao abeiro da normativa e da **LOMCE (Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro) do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia no DOG 29 de xuño de 2015

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20150629/AnuncioG0164-260615-0002_es.html.)

e da **RESOLUCIÓN do 15 xullo de 2016**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

(http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/instruccion_curso_2016-2017_eso-bach.pdf).

Como norma xeral e segundo as necesidades do centro, tentarase cubrir as gardas de aula cun mínimo de tres profesores/as e as gardas de recreo con catro profesores (en corredores, 1 en biblioteca, 1 no patio).

ESTRUTURA ACADÉMICA DO CENTRO. GRUPOS:

Os alumnos oficiais do IES Virxe do Mar repártense da seguinte maneira:

ESO E BACHARELATO

1º ESO A..... 31	2º ESO A.....23	3º ESOA..... 29	4º ESO A..... 28
1º ESO B..... 30	2º ESO B.....23	3º ESO B..... 28	4º ESO B..... 29
	2º ESO C..... 24		
1º BAC A..... 25	2º BAC A..... 30		
1º BAC B..... 28	2º BAC B..... 18		
1º BAC C.....32	2º BAC C..... 25		

CICLO VÍDEO DJ:

1 CURSO: 20

2º CURSO: 8

LAIM (P .LIBRE): 1

TOTAL.....432

En 1º ESO hai desdobres en materias como Lingua castelá, Matemáticas e Bioloxía e Xeoloxía dado o número elevado de alumnado por aula.

En 2º ESO, o número total do alumnado repartido en dous grupos levaría a ter 35 por grupo, cando o número máximo é de 30 por aula

TITORÍAS

Cada grupo ten titor ou titora específico. O horario de titoría consta na ESO de dúas horas, unha

para atención a pais e outra para atender aos alumnos, que é de permanencia obrigatoria co alumnado na aula. En bacharelato hai unha hora de titoría pais/alumnos.

É responsabilidade de cada profesor/a (agás que o realice o titor/a) introducir no programa Xade Web as faltas diarias de seu alumnado e, coa finalidade de facer un seguimento estrito das ausencias. Estes partes recolleranse da aula e arquivaranse por parte de cada titor/a. É misión do titor ou titora comunicar as faltas coa maior dilixencia posible aos pais. Ademais, o centro está adscrito á plataforma **AbalarMóbil** para que as familias que o desexen teñan información puntual das diferentes incidencias acontecidas no día a día. As familias que descarguen AbalarMóbil dispoñen das seguintes funcionalidades:

- Acceder aos datos persoais
- Consultar as cualificacións
- Consultar e xustificar as faltas de asistencia
- Consultar as faltas de conduta
- Solicitar unha cita de titoría
- Consultar os datos do centro educativo
- Consultar os avisos ou notificacións por parte do profesorado ou do centro educativo.
- Consultar as incidencias creadas polo profesorado
- Modificar o idioma da aplicación

Débese lembrar que as faltas informatizadas aparecerán tamén incluídas nos boletíns de cualificación que se entregan ao rematar cada unha das avaliacións.

O titor/a informará aos pais/nais de todas as faltas graves e moi graves que teñan os seus fillos/as e comunicará á Xefatura de Estudos a relación de alumnos que teñen faltas graves ou moi graves.

DINAMIZACIÓNS

Abertas á colaboración do profesorado que desexe participar de xeito activo nelas, están coordinadas polas seguintes persoas RESPONSABLES: (máis información e compoñentes nas Programacións respectivas)

Biblioteca: Ana Arca Camba, Chus Sobrado, Pilar Melcón, Néstor Alonso, Antonio Sánchez, Maite Vilar, Javier Crespo.

TIC: Miguel Fernández Nogueira, José Antonio Mayo Camaño, Gloria Rivas Rodríguez e Olga Amigo Devesa

EDLG: Antón López Vázquez

Xestión Económica: Isabel Añón Lista

Abalar: Miguel Fernández Nogueira

AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN

Séguese o indicado nos distintos Proxectos Didácticos e Curriculares.

As probas da convocatoria extraordinaria de Setembro realizaranse atendendo aos contidos e criterios establecidos nos correspondentes Proxectos e Programacións Didácticas, ao dispor dos distintos sectores da Comunidade Educativa.

Alguns Departamentos reservan horas para atención a alumnos pendentes fóra do horario lectivo normal. Os exames de pendentes nunca coincidirán có calendario de exames do presente curso. A realización do número e data das probas para estes alumnos, propónse desde a Xefatura de Estudos e lévase á CCP, e queda a criterio de cada departamento

ao longo do curso pero as probas finais de pendentes ateranse a un calendario elaborado e publicado pola Xefatura de Estudos con suficiente antelación e comunicado nas correspondentes CCP.

Estrutúrase o ano académico en 3 avaliacións, unha por trimestre.

1ª avaliación:

1 de decembro para 2º BAC, e o resto de sesións de avaliación serán os días 19 e 20 de decembro de 2016.

2ª avaliación:

2 de marzo para 2º BAC, e o resto de avaliacións 5 e 6 de abril de 2017.

3ª avaliación:

as probas serán para segundo de bacharelato durante o mes de maio segundo as instrucións que se comuniquen e para os restantes niveis a partir do 22 e 23 de xuño de 2017 segundo se recolle no calendario escolar elaborado para o presente curso pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

As Probas Extraordinarias de Setembro, serán nos primeiros días do mes en todos os niveis. Nelas os alumnos/as examinaranse de todas as materias que suspenderon en xuño. Os alumnos/as que teñan materias pendentes doutros anos teñen unha convocatoria á parte para realizar tamén as probas correspondentes de cursos anteriores.

BIBLIOTECA E CLUBS DE LECTURA

Permanecerá aberta, segundo as posibilidades organizativas do centro, con profesor específico ou, nalgún caso apoiando as gardas de aula, no horario que será exposto no taboleiro.

Prográmase un plan de animación á lectura tentando que o alumnado, sobre todo o dos grupos da ESO, visite cando menos unha hora ao mes a biblioteca. Nela desenvólvense os Cafés de Linguas, os clubs de lectura, animación á lectura, encontros con escritores/as...

O Club de Lectura “Tol@s pola lectura” do I.E.S. “Virxe do Mar” de Noia emprende neste 2016-2017 a súa cuarta andaina, renovado e multiplicado por dous. En efecto, grazas ó bo facer da profesora María Golán e a axuda inestimable da profesora María Ocampo, que ven de incorporarse ao centro, estableceranse dous grupos, un para o Primeiro Ciclo da ESO, e outro para o Segundo Ciclo e Bacharelato. Lecturas terroríficas con motivo do Samaín, (coa decoración “ad hoc” da Biblioteca, en colaboración co Departamento de Plástica), un obradoiro de cociña, e outro de caligrafía, así como os Encontros co alumnado do Instituto de Sanxenxo, no piñeiral que rodea ese Centro, foron actividades complementarias ás lecturas propostas que souberon manter constante o interese do alumnado durante o curso pasado e implicaron a colaboración doutro profesorado .

Pola súa parte, o Club “María Mariño”, que funciona por oitavo ano consecutivo, naceu no 2009, ó abeiro do plan Proa, tralos pasos do Club do alumnado “O conto de nunca acabar” (que dirixía o profesor Carlos Maquieira), para integrar a outros membros da comunidade educativa, en especial nais e pais.

O nome “María Mariño”, ten na súa orixe á poeta noíesa que designa tamén a nosa Biblioteca (lugar onde nos reunimos as integrantes) a raíz dunha viaxe ó Courel celebrada en abril de 2010. Dende entón lecturas de libros, asistencia a proxeccións de películas, a representacións teatrais, charlas con escritores na biblioteca, e diversas viaxes cada vez máis centradas na nosa terra, foron consolidando este xeito de ocio cultural.

Ámbolos dous Clubs teñen como FINALIDADE incentivar a lectura reflexiva e participativa da narrativa de autores/-as significativos/as en ámbitos lingüísticos diversos, e actuar na medida das nosas posibilidades como catalizadores culturais. Dado que a Lomce recoñece a necesidade de apoiar a Lingua Galega dende tódolos ámbitos, a maioría das obras de Tol@s pola lectura estarán en galego.

O mesmo sucederá con moitas do María Mariño, aínda que se lerán tamén obras en castelán (frecuentemente traducións doutras linguas). Este ano todas elas responden a propostas das lectoras e

do noso “asesor literario”, Carlos Maquieira. Promoveranse tamén actividades complementarias –viaxes, (unha delas xa realizada, a Ribeira Sacra, as Ermidas e os Peares, onde descubrimos a poesía mural que achegamos), asistencia a representacións teatrais e ao cine, encontros con escritores/as, (intentaremos levar a cabo polo menos dúas das suxestións) e procuraremos, coma sempre, transcender a lectura dos libros para achegarnos á lectura do mundo.

Polo que respecta á relación dos Clubs de lectura co Plan Lector e a Biblioteca do Centro, a influencia que se exerce ten unha dobre dirección: por unha banda as escollidas polo Tol@s pola lectura ou polo María Mariño son logo recomendadas por algúns departamentos para o alumnado. Outras veces os Clubs recuperan libros de lectura dos que xa dispón a Biblioteca (É o caso de moitas das obras deste ano para os rapaces).

FORMA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO: As sesións dos Clubs xuvenís para o comentario das obras propostas desenvolveranse, en meses alternos, os luns a mediodía, na biblioteca do centro, agás a primeira e derradeira lectura que serán comúns. As dos adultos terán unha periodicidade mensual e levaranse a cabo os martes, de 20:15 á 21:30 hs. (para facilitar a participación das nais e pais traballadoras/es). Entre estas xuntanzas intercalaranse as actividades complementarias, segundo a planificación que se achega. Ás veces indicamos, como suxestión, unha lectura complementaria ou unha película, sen que isto implique a obriga de lela ou comentala en común. Dado o número crecente de lectoras e lectores, a Biblioteca mercará cinco ou seis exemplares de cada obra, e procurará conseguir outros emprestados. Os libros entregaranse cun mes de antelación e irán intercambiándose, de maneira que todo o mundo poida lelos sen ter que adquirilos. É posible o cambio dalgunha das obras ó longo do curso.

MEDIOS PREVISTOS PARA A DIFUSIÓN DOS CLUBS DE LECTURA: Ademais da publicación na pantalla do Centro, e dos comentarios entusiastas do Profesorado nas aulas, na carta informativa que se envía no inicio do curso ás Nais e Pais, a Biblioteca engadirá un breve boletín no que se lles explicarán as normas do préstamo dos fondos e se lles convidará a coñecer este espazo; impulsarase ademais a participación dos pais e a dos seus fillos/as nestes Clubs. Durante a visita guiada do alumnado á mesma insistirase tamén neste tema.

LECTURAS PROPOSTAS “Tol@s pola lectura” pretende recoller na narrativa en galego e en castelán libros atractivos, tanto moi modernos como clásicos, que fagan reflexionar ao alumnado. (Parte da selección foi realizada por eles/elas mesmos/as). As actividades complementarias incluírán recitais

poéticos, obradoiros sobre libros de viaxes, caligrafía e cociña, cine, encontros con alumnado doutro centro, e mesmo unha sesión crítica dos vídeo-xogos.

Pola súa parte María Mariño escolleu este curso algunhas obras de autoras, tan breves coma intensas, *Seica*, un fresco da vida londiniense nos anos corenta, *Ronda nocturna*, e outros libros de autores galegos centradas na familia, nas súas diversas formas. Ese será o eixo ao redor do cal xirarán as lecturas deste ano. *Meursault, caso revisado*, a espléndida e breve novela de Kamel Daoud será a primeira que leamos.

SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

En liñas xerais, pódese dicir que o Centro está en boas condicións malia que o edificio nobre, de 1889, ten deficiencias lóxicas para os anos que ten. Nos meses do verán e no principio do presente curso, procedeuse a reparación do mobiliario e instalacións deteriorados (perchas, mesas, cadeiras, portas, interruptores, etc.). Os equipos, en xeral, adoecen de falta de actualización, labor que, por mor do custe, se vai facendo aos poucos. Desde o curso pasado, e como consecuencia do inicio das clases do novo Ciclo Medio de Dj Imaxe e Son, realizáronse obras en dúas aulas para acoller as materias específicas deste alumnado.

PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Hai en marcha “**Plans Proxecta**” de formación e innovación educativa que se desenvolverán no curso onde están implicados un importante número de docentes e discentes. ‘Aliménta-T’ ben (3 plans a cargo da profesora Olga Amigo xunto cun equipo do profesorado).

Ademais, presentouse un “**Seminario de Software de Vídeo DJ**”, na convocatoria Seminarios, con CFR/CAFI en CAFI e especialidade Técnicas e procedementos de imaxe e son’ a cargo do profesor Xesús Chapela Ramos.

Así mesmo o Departamento de Tecnoloxía participa na proposta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que vén de presentar o material educativo de “**Robótica**” pola que os centros que imparten educación secundaria recibirán un lote de seis kits de Robots transformables para educación STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) modelo mBot Ranger.

ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

TRANSPORTE ESCOLAR:

O número de alumnos transportados é similar ó de anos anteriores. Son un total de 125 usuarios/as dos que 7 son alumnos/as do IES Campo de San Alberto.

PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (VICEDIRECCIÓN)

1º TRIMESTRE

Como en anos anteriores o primeiro trimestre, a pesares do intenso traballo de organización e posta en funcionamento, complicado con novo sistema de reparto de libros de texto, están programadas diversas actividades.

As habituais como o **MAGOSTO** ou a Celebración do Día da Música en datas que están por establecer en función das necesidades do centro. Como en todos os trimestres, resérvanse para o último día de curso a celebración de actividades lúdicas e deportivas como remate de fase. O número de horas que se dedicaran a estas actividades de final de trimestre están determinadas pola Comisión de Actividades Extraescolares de centro que toma a súa decisión en relación ao desenvolvemento de dito trimestre.

Así mesmo fomentárase a celebración das **conmemoracións** establecidas no calendario escolar da Xunta de Galicia como:

24 de outubro o Día das Bibliotecas

20 novembro de 2016: Día Universal da Infancia

25 de novembro de 2016: Día Internacional contra a Violencia de Xénero. En colaboración co Departamento de Orientación, Música e EP e Visual ou outros

Do 1 ao 11 de decembro de 2016: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.

10 de decembro de 2016: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

O **PROXECTO DOCUMENTAL NÓRDICOS e CULTURAS CELTAS (2º ESO)** iniciado nos últimos cursos figura como materia de libre configuración a cargo do xefe de Departamento Antonio Sánchez. Polo tanto, continúa a desenvolverse este proxecto documental integrado onde se pretende a implicación dos distintos seminarios nun traballo de recollida, organización e elaboración de materiais didácticos por parte do alumnado sobre este tema (pobos germánicos e escandinavos) cos que se realizará unha macroexposición no seu momento.

Durante este curso tamén se potenciará as actividades deportivas e lúdicas a realizar durante os recreos. Son os chamados **RECREOS ACTIVOS**. Coa colaboración desinteresada do profesorado potenciarase a celebración de torneos de baloncesto, fútbol-sala, tenis, tenis de mesa. Estas son as actividades deportivas máis demandadas polo alumnado.

Foméntase neles, especialmente, a integración tanto de alumnos como de alumnas independentemente da actividade deportiva que se realice.

Paralelamente e dado o éxito do curso pasado, durante estes recreos, tamén se propondrán actividades de tipo **artístico-manual** como pintura rápida, recortables ou similares, promovidas desde departamentos de Educación Plástica.

Asemade tentarase manter os campionatos de xadrez e damas, unha actividade tamén demandada e con fieis seguidores. Dase a circunstancia que neste curso tamén será materia de libre configuración **XADREZ** polo que se atenderá especialmente esta demanda.

As saídas extraescolares esperan as propostas dos Departamentos. Están por determinar en función das programacións. Desde a vicedirección téntase, como en anos anteriores, que estas saídas estean repartidas de forma equilibrada ao longo do ano e que distorsionen, na menor medida, o desenvolvemento habitual das clases. No primeiro consello tentarase aprobar aquelas saídas tradicionais como a viaxe de 4ª da ESO a **Andorra**, a inmersión lingüística en inglés en **Blanes** para 2º da ESO, ás saídas habituais a **Santiago** (teatro en inglés e francés, bocadillo solidario...) a viaxe a **Londres** do Departamento de Filosofía ou a **Roma**, a proposta polo Departamento de Relixión.

Asemade plantexarase de novo o **intercambio con Canarias** proposto polo Departamento de CCNN e relación ao Proxecto Climántica e tamén neste curso 2016-17 integraremos as actividades que se programen en relación ao proxecto ERASMUS + coordinado polo Departamento de CCNN á medida que o seu coordinador, o profesor Francisco Sóñora Luna, o demande.

ERASMUS + e CLIMÁNTICA.

Un equipo de oito profesores do IES Virxe do Mar acaba de poñer en marcha, dende o marco metodolóxico do proxecto Climántica, a coordinación da creación diferente material didácticos multilingüe co que van a formar á mocidade como axentes de concienciación da importancia da investigación sobre os impactos e a mitigación do cambio climático nos océanos. Tamén está a definir os seus modelos de participación das comunidades educativas para trasladar á sociedade respostas educativas fronte ao cambio climático .

Para esta transferencia pedagóxica, o IES Virxe do Virxe do Mar, aliouse mediante o proxecto Climántica, do que é o centro de referencia para a aplicación en diferentes comunidades educativas, cun grupo de científicos e docentes de España, Portugal, Gran Bretaña e Polonia, para formar a alianza estratéxica EduCO2cean-STS

<http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/projects/eplus-project-details-page/?nodeRef=workspace://SpacesStore/e0b63f91-cb95-4718-b8ba-55d4dc28db72> (Education models to transmit to society the challenge of global change in the ocean) financiado pola Unión Europea con 249.000 euros na convocatoria Erasmus+ 2016 para executar no bienio 2016-2018.

A alianza estratéxica europea complétana o seu líder ante a Unión Europea, a Asociación Portuguesa de Educación Ambiental - ASPEA (Portugal) que aporta a súa experiencia de coordinación e difusión de redes educativas a nivel nacional e europeo, a Universidade de Vigo como sede institucional do campus de excelencia do Campus do Mar, Marine Alliance for Science and Technology de Escocia, que aportan os datos científicos, Ciência Viva - Agência Nacional para a Cultura Científica e Tecnológica (Portugal) que aporta a súa experiencia en divulgación científica, CARETAKERS OF THE ENVIRONMENT INTERNATIONAL (Polonia) que traslada e adapta ao Báltico todo o desenvolvemento feito sobre o Atlántico, e o IES Ribeira do Louro de Porriño que aporta a súa ampla experiencia na xestión administrativa deste tipo de proxectos.

O principal reto do IES Virxe do Mar nesta alianza estratéxica europea para a innovación en boas prácticas educativas consiste na coordinación do deseño e desenvolvemento dos produtos didácticos e tamén na coordinación da rede educativa a través da plataforma colaborativa. Tamén se encargará, da organización do congreso xuvenil internacional virtual sobre produtos de sensibilización social sobre a relevancia da investigación que se está a facer para responder os dous retos ambientais globais actuais máis relevantes: o cambio climático e sustentabilidade dos océanos.

Sobre o desenvolvemento dese congreso xuvenil virtual, o instituto de Noia constituirá un xurado internacional para seleccionar os estudantes xuvenís máis destacados dos países socios que incorporará a un campus con delegacións dos principais dominios climáticos dos países socios, no que os docentes investigarán sobre as actividades dese campus para buscar novas e formas de ensinar e aprender sobre estes retos globais contemporáneos.

Para formar a delegación española nese campus internacional, o IES Virxe do Mar asociou a outros 4 centros de concellos limítrofes, en concreto ao IES Rosalía de Castro de Santiago, ao IES Poeta Añón de Outes, ao IES Praia Barraña de Boiro e ao CPI Dos Dices de Rois, para establecer intercambios climáticos e traer en abril a Galicia a formarse como delegación representativa dos climas españois a alumnos doutras comunidades autónomas nos que estarán representados os tres grandes dominios climáticos españois: oceánico, subtropical e mediterráneo coa dimensión continental. Todas estas comunidades educativas que formarán a base da delegación española no campus, porán en común os seus coñecementos e recibirán formación específica en Noia sobre os ámbitos do proxecto por parte dos catedráticos universitarios Ángel Carracedo da Universidade de Santiago, Fernando González Laxe da Universidade de A Coruña e Emilio Fernández, da Universidade de Vigo.

As achegas da primeira reunión dos socios dos catro países europeos

Os días 14 e 15 de novembro tivo lugar na reunión de lanzamento do proxecto, un encontro inaugurado, na sala IV do edificio Miralles da Universidade de Vigo, polo vicerreitor de Relacións Internacionais e Extensión Universitaria da Universidade de Vigo, Manuel Fernández Iglesias. Esta universidade tamén participa no proxecto a través do campus de excelencia internacional que lidera, o Campus do Mar. Nesa reunión inicial, ademais de coñecerse persoalmente, socios e socias tiveron a oportunidade de ir fixando responsabilidades e coordinando o cronograma das diferentes accións que se van a levar a cabo e establecendo un calendario de actuacións.

Os socios do proxecto, de dous anos de duración, planearon na reunión da Universidade de Vigo os pasos a seguir para crear un libro de texto con carácter global, aplicable en calquera sistema educativo europeo, que se publicará tanto en formato papel como electrónico, que coordinará o IES Virxe do Mar, e que estará dispoñible nos diferentes idiomas dos países participantes. A súa estrutura será interdisciplinar e os seus contidos incluírán todo o coñecemento científico contemporáneo relacionado co cambio climático no océano. Este contido completárase, ampliarase e manterase actualizado a través

dunha revista electrónica e un sitio web no que todos os estudantes poidan participar, e que tamén se coordinará desde o marco de Climántica.

Estes produtos, inspirados nos publicados nos que forman parte da Biblioteca (<http://biblioteca.climantica.org/gl/biblioteca/unidades-didacticas>) Climántica serán os vectores do coñecemento necesario para conseguir os obxectivos pedagóxicos que formen aos alumnos para ser axentes que axuden á sociedade para adquirir conciencia e sensibilidade sobre a importancia de investigar e traballar a favor da sustentabilidade dos océanos. O IES Virxe do Mar tamén equilibrará e fará coherente a coordinación desta produción con iniciativas de participación das comunidades educativas como congresos virtuais, campus xuvenís internacionais, seminarios para os docentes, produción de vídeos, etc.

O principal destinatario do proxecto é o alumnado europeo de educación secundaria superior(15-18 anos) e a eles diríxese o libro científico - didáctico. Este material cada socio adaptarao aos seus alumnos de secundaria básica (12-14 anos). Todos estes alumnos comprendidos entre os 12 e os 18 anos, terán a oportunidade de presentar as súas comunicacións no congreso xuvenil virtual, participar nas comunidades 2.0 e mellorar as súas habilidades científicas e de comunicación no campus xuvenil internacional, así como coñecer outras prácticas e culturas participando en programas de intercambio cos demais países participantes no proxecto. Os seus docentes serán os destinatarios de diferentes accións de formación dirixidas a dotalos dos coñecementos necesarios para transmitir ao seu alumnado as competencias crave que necesitan para a súa participación no desenvolvemento deste proxecto.

O centro, ademáis conta con dous **COROS**, un coro infantil con alumnos fundamentalmente de 1º e 2º da ESO e un coro de adultos formado por profesorado e persoas vinculadas ao centro como pais de alumnos ou alumnos mesmos. A vila de Noia, e o propio centro, conta con estes COROS para acompañar moitos eventos culturais o cal é un o exemplo da integración entre vila e centro escolar.

Ao longo do curso tamén se van desenvolvendo os programas dos dous **CLUBS** de Lectura do centro. Un Club de Lectura de alumnos, coordinado polo Departamento de Lingua Española e un de adultos coordinado desde a nosa Biblioteca 'María Mariño'.

2º TRIMESTRE

Durante este trimestre organizarase a **XXVI SEMANA CULTURAL**. Vintetrés anos nos que se levan canalizando esforzos e entusiasmos: deportes, conferencias, teatro, música, gastronomía, exposición,

certames de pintura, certames de fotografía....son as actividades habituais que se programan nesta semana tentando (case imposible) de alterar o menos posible o ritmo normal das clases. No Claustro e logo Consello Escolar determinarase se a semana a celebrar tras datas propostas polo equipo directivo (do 18 ao 21 de abril) é a axeitada para esta celebración.

Como ocorre no primeiro trimestre a Consellería determina unhas **datas** a celebrar na que se planificaran diferentes actividades en función da implicación e dispoñibilidade do corpo docente. Estas datas son:

30 de xaneiro de 2017: Día da Paz

8 de marzo de 2017: Día Internacional da Muller Traballadora.

15 de marzo de 2017: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.

Do 6 ao 10 de marzo de 2017: Semana da Prensa.

O **ENTROIDO** tamén terá un espazo no noso centro. Habitualmente resérvanse as dúas ou tres últimas horas do venres, este ano o 24 de febreiro, para a participación da comunidade educativa no festival e concuso de disfraces.

Desde a vicedirección tentarase coordinar as saídas extraescolares de maior impacto na semana anterior á Semana Cultural ou próximas o tempo para distorsionar en menor medida o ritmo diario do curso (Andorra, Londres, Canarias...) o cal é dificultoso ante as necesidades específicas de cada unha delas (necesidade de neve , no caso de Andorra) ou ben os prezos dos billetes en función que varían segundo á época do ano.

3º TRIMESTRE

Durante este trimestre as **conmemoracións** que establece a Consellería para seren celebradas son:

Entre o 17 e o 21 de abril de 2017: Día do libro.

7 de abril de 2017: Día Mundial da Saúde.

9 de maio de 2017: Día de Europa.

Do 9 ao 17 de maio de 2017: Semana das Letras Galegas.

5 de xuño de 2017: Día Mundial do Ambiente.

Tradicionalmente no noso centro temos establecidas variadas actividades en relación á **SEMANA DAS LETRAS GALEGAS**, por exemplo levarase a cabo XXVI Certame Literario 'Alberto Romasanta' coa colaboración co Departamento de Dinamización do noso centro e do IES Campo de S. Alberto, como tamén actividades arredor do homenaxeado que este ano será adicado a **Carlos Casares**.

Nas últimas semanas de curso, por determinar a data exacta, realizarase a habitual estadía en **BLANES**, Girona, un programa de inmersión lingüística para o alumnado de 2º da ESO Organizada polo Departamento de Inglés.

Tamén se prevee a finais de maio a realización, xa unha tradición, da **despedida do alumnado de 2º de Bacharelato** nunha pequena cerimonia na que se reúne alumnado, familias e centro.

Na última semana de curso programáronse actividades de tipo deportivo como os remates de torneos que se desenvolveron ao longo do curso nos **RECREOS ACTIVOS** e saídas extraescolares para 1º da ESO.

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA:

Obxectivos

– Obxectivos **xerais**.

- 1.- Estender e optimizar o uso do galego no IES Virxe do Mar.
- 2.- Acadar as cotas máis elevadas de prestixio para a lingua galega en toda a comunidade educativa. 3.- Implicar a todos os axentes escolares neste proceso.

– Obxectivos **específicos**.

- 1.- Manter a competencia do alumnado, ao longo de todo o periplo académico, no uso do galego (L1 nun contexto con claro predominio galegófono).
- 2.- Consolidar a competencia do alumnado na L2 (castelán), lingua moi presente tamén no seu contexto e asociada a funcións prestixiadas socialmente.
- 3.- Afianzar as competencias do alumnado en cantas linguas estranxeiras curse ao longo do seu historial académico, primordialmente inglés e francés.

– Obxectivos **puntuais**.

- 1.- Estender un uso xeneralizado do galego tanto a nivel oral como escrito, reforzando a súa dimensión comunicativa en relación con contextos vivos.
- 2.- Facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que, tendo o galego como lingua vehicular da maioría das materias. lle permita percibir a utilidade do noso idioma como unha lingua moderna e de futuro para a promoción social de Galicia.
- 3.- Fomentar e facilitar a integración socio-lingüística e escolar de alumnado doutras comunidades autónomas ou de países estranxeiros, con nulo ou insuficiente dominio da lingua galega.
- 4.- Promover a aprendizaxe das linguas estranxeiras do noso currículo a través de intercambios, seccións bilingües e viaxes didácticas.
- 5.- Fomentar o respecto e coñecemento das outras linguas da Península.
- 6.- Promover o uso activo de ferramentas das tecnoloxías da información e comunicación en galego.
- 7.- Fomentar, empregando como punto de partida a biblioteca “María Mariño”, o hábito lector en galego e, ao mesmo tempo, o gusto pola música e cinematografía de expresión galega.
- 8.- Impulsar a normalización lingüística e cultural do contorno, nun labor dinamizador que preste singular atención ao sector comercial.
- 9.- Establecer canles fluídas de comunicación co Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Noia, co obxectivo de realizar campañas que integren a todos os EDLG da localidade.

ESTUDO DO CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO. Como recolle o Proxecto Lingüístico do Centro, a situación que presenta o centro na actualidade con respecto a esta situación, así como ao cumprimento das obrigas por parte dos diferentes Departamentos Didácticos, a Administración, a Dirección, Profesorado e labor do persoal non docente, segue a ser moi positivo e esperanzador. É así que a totalidade das actividades complementarias e extraescolares que realiza o alumnado así como a totalidade das comunicacións orais e escritas –oficiais e non oficiais- que parten da administración e do centro en xeral, realízanse en galego dende hai moitos anos. Ademais, o uso da lingua galega no nivel oral e no uso de material didáctico á hora de realizar o seu traballo o profesorado é sempre mellorable, de xeito que o EDLG tenderá a prestar a súa colaboración co colectivo docente para acadar un fin óptimo, pois, aínda que non exclusivamente, un dos factores fundamentais no desenvolvemento lingüístico debemos procuralo na normalización escolar, en todos e cada un dos seus ámbitos e áreas de influencia. Aínda que diminuíron, os prexuízos e actitudes negativas nalgúns sectores de pais / nais e de profesorado seguen a ser un gran de obstáculo para avanzar na normalización lingüística no ensino. Entre o alumnado, os prexuízos máis evidentes xa non se dan, pero si outros que dificultan o emprego

habitual do galego no contexto escolar. Na actualidade, o sistema educativo non consegue dotar o alumnado dunha boa competencia oral en galego. Existe un evidente conflito entre o estándar e as variedades locais, con consecuencias nos contornos galegófonos, especialmente nos niveis iniciais da escolarización. O IES Virxe do Mar, tal e como verifica o último Proxecto Lingüístico é un centro cun contorno con predominio do galego.

Nun contexto galego falante como o noso, o principal obxectivo, debe cifrarse en conseguir manter e mellorar o statu quo actual do galego entre o alumnado, pois a competencia na L2 (neste caso, obviamente, o castelán) non presenta dificultade ningunha, dado que están garantidas as actitudes positivas cara a unha lingua con numerosos modelos sociais prestixiados.

Por outra banda, débese ter en conta que a valoración que se pode facer do centro na actualidade no que se refire tanto á normalización lingüística, como ao cumprimento das obrigas por parte dos diferentes departamentos didácticos, a administración, dirección, profesorado e labor do persoal non docente, segue a ser moi positiva e esperanzadora. É así que a totalidade das actividades complementarias e extraescolares que realiza o alumnado así como a totalidade das comunicacións orais e escritas –oficiais e non oficiais- que parten da administración e do centro en xeral, realízanse en galego desde hai moitos anos

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR:

Preséntanse como **Anexo** a esta Programación Xeral Anual na **barra lateral dereita da páxina Web do centro**.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvirxedomar/>

PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS DOS DEPARTAMENTOS:

As Programacións Didácticas dos Departamentos constitúen o Proxecto Curricular do Centro e foron elaboradas no mes de Setembro, polos vinte Departamentos nos que se encadran os corenta e cinco profesores/as deste Instituto. Nelas figuran os obxectivos, contidos, competencias básicas, criterios de avaliación con especial referencia ós mínimos esixibles, metodoloxía, procedementos de avaliación, actividades de recuperación, libros de texto utilizados, actividades complementarias e extraescolares e medidas de atención a diversidade.

As Programación Didácticas dos Departamentos ou as súas modificacións con respecto a cursos

anteriores preséntanse como Anexo a esta Programación Xeral Anual e **son públicas na barra lateral dereita da páxina web do IES:**

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvirxedomar/>

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL, PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE e PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL.

As medidas, obxectivos, planificación, ámbitos de actuación... dos tres plans atópanse incluídos na Programación Didáctica do Departamento de Orientación e áchanse na páxina web do centro

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvirxedomar/>

PROXECTO LECTOR DO CENTRO:

Durante o presente curso académico retomaranse as actividades do plan lector (ao que fai referencia o Anexo V do Decreto 133/2007 do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia).

O Proxecto Lector do Centro integra todas as actuacións do Centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.

PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN. PLAN TIC:

Durante o presente curso académico tentárase redactar o Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación, Plan TIC, ao que fai referencia o Anexo VI do Decreto 133/2007 do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Plan TIC terá como finalidade que as tecnoloxías da información e a comunicación se incorporen como un recurso máis aos procesos de ensino-aprendizaxe, que será incluído no Proxecto Educativo de Centro. As aulas de 1º ciclo da ESO manteñen o traballo cos ultraportátiles Abalar, unha ferramenta fundamental para o labor de aprendizaxe cotián nun evidente uso e potenciación do centro polas novas tecnoloxías. Non esquezamos que o Proxecto Abalar substancia a estratexia para a integración plena das TIC na práctica educativa en Galicia, como unha das áreas prioritarias de intervención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria cos centros de ensino. Lembremos que “Abalar inclúe e integra todas as iniciativas no ámbito educativo, xuntando os esforzos cara á modernización e mellora da educación como parte da estratexia transversal do Goberno galego de promoción das TIC . Abalar é

unha estratexia educativa global e integradora, definida con obxectivos claramente determinados para maximizar o aproveitamento dos recursos na mellora das competencias da nosa cidadanía, que coordina e impulsa un cambio de modelo educativo en Galicia apoiado na formación do profesorado e na modernización do ensino.

O proxecto Abalar persegue un salto cualitativo e cuantitativo no modelo educativo galego, co fin de mellorar a súa eficiencia nun proceso de modernización, integrando as tecnoloxías da información e da comunicación en todos os ámbitos educativos

O proxecto busca maximizar o aproveitamento dos recursos, coordinar e impulsar un cambio no modelo educativo apoiado na formación do profesorado e a modernización do ensino que suporá a conversión dos colexios e institutos galegos en centros educativos dixitais.

A estratexia do proxecto Abalar xira arredor do concepto de centro educativo dixital. O centro educativo dixital supera o concepto de centro educativo tradicional e persegue dispor de recursos humanos e pedagóxicos, así como de infraestruturas e servizos axeitados para o uso cotián da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa, na actividade docente, de aprendizaxe e administrativa”.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO:

Durante o anterior curso académico actualizouse o Proxecto Lingüístico do Centro, ao que fai referencia o artigo 14 do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

No Proxecto Lingüístico do Centro é onde consta: as linguas que se deben empregar nas materias, que non son obrigatorias en lingua galega. As medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo. As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.

Redactado, aprobado e avaliado polo Consello Escolar, forma parte do Proxecto Educativo de Centro.

INFORMES ESTATÍSTICOS



ESTADÍSTICA DE MATRÍCULA POR ENSEÑANZA, IDIOMA E ANO DE NACEMENTO

Ensinanza: **Educación secundaria obrigatoria**
Curso: **1º Ensinanza secundaria obrigatoria**
Réxime: **Réxime xeral-ordinario**

Ano académico: **2016/2017**

Ano inicio: **2016/2017**

Grupo: **Todos**

Ensinanza	Idioma	Ano	Mulleres	Homes	Total
1º Ensinanza secundaria obrigatoria	Lingua estranxeira - Inglés	2002	1	0	1
	Lingua estranxeira - Inglés	2003	1	4	5
	Lingua estranxeira - Inglés	2004	23	32	55
		Totais:	25	36	61



ESTADÍSTICA DE MATRÍCULA POR ENSEÑANZA, IDIOMA E ANO DE NACEMENTO

Ensinanza: **Educación secundaria obrigatoria**
Curso: **2º Ensinanza secundaria obrigatoria**
Réxime: **Réxime xeral-ordinario**

Ano académico: **2016/2017**

Ano inicio: **2016/2017**

Grupo: **Todos**

Ensinanza	Idioma	Ano	Mulleres	Homes	Total
2º Ensinanza secundaria obrigatoria	Lingua estranxeira - Inglés (1º ESO)	2001	1	2	3
	Lingua estranxeira - Inglés (1º ESO)	2002	1	2	3
	Lingua estranxeira - Inglés (1º ESO)	2003	0	1	1
	Lingua estranxeira - Inglés	2001	5	5	10
	Lingua estranxeira - Inglés	2002	5	6	11
	Lingua estranxeira - Inglés	2003	29	20	49
		Totais:	41	36	77



ESTADÍSTICA DE MATRÍCULA POR ENSEÑANZA, IDIOMA E ANO DE NACEMENTO

Ensinanza: **Educación secundaria obrigatoria**
 Curso: **3º Ensinanza secundaria obrigatoria**
 Réxime: **Réxime xeral-ordinario**

Ano académico: **2016/2017**

Ano inicio: **2016/2017**

Grupo: **Todos**

Ensinanza	Idioma	Ano	Mulleres	Homes	Total
3º Ensinanza secundaria obrigatoria	Lingua estranxeira - Inglés (2º ESO)	2001	0	1	1
	Lingua estranxeira - Inglés	2001	4	6	10
	Lingua estranxeira - Inglés	2002	25	22	47
Totais:			29	29	58



ESTADÍSTICA DE MATRÍCULA POR ENSEÑANZA, IDIOMA E ANO DE NACEMENTO

Ensinanza: **Educación secundaria obrigatoria**
 Curso: **4º Ensinanza secundaria obrigatoria**
 Réxime: **Réxime xeral-ordinario**

Ano académico: **2016/2017**

Ano inicio: **2016/2017**

Grupo: **Todos**

Ensinanza	Idioma	Ano	Mulleres	Homes	Total
4º Ensinanza secundaria obrigatoria Ensinanzas	Lingua estranxeira - Inglés (3º ESO)	1999	1	0	1
	Lingua estranxeira - Inglés (3º ESO)	2000	1	1	2
	Lingua estranxeira - Inglés (3º ESO)	2001	2	4	6
	Lingua estranxeira - Inglés	1999	1	0	1
	Lingua estranxeira - Inglés	2000	2	2	4
	Lingua estranxeira - Inglés	2001	19	17	36
4º Ensinanza secundaria obrigatoria Ensinanzas	Lingua estranxeira - Inglés (3º ESO)	1999	0	1	1
	Lingua estranxeira - Inglés (3º ESO)	2000	3	5	8
	Lingua estranxeira - Inglés (3º ESO)	2001	1	0	1
	Lingua estranxeira - Inglés	1998	0	1	1
	Lingua estranxeira - Inglés	1999	2	2	4
	Lingua estranxeira - Inglés	2000	4	5	9
	Lingua estranxeira - Inglés	2001	2	0	2
Totais:			38	38	76



ESTADÍSTICA DE MATRÍCULA POR ENSEÑANZA, IDIOMA E ANO DE NACEMENTO

Ensinanza: **Bacharelato**

Curso: **1º Bacharelato**

Réxime: **Réxime xeral-ordinario**

Ano académico: **2016/2017**

Ano inicio: **2016/2017**

Grupo: **Todos**

Ensinanza	Idioma	Ano	Mulleres	Homes	Total
1º Bacharelato Ciencias	Lingua estranxeira I: Francés	2000	1	1	2
	Lingua estranxeira I: Inglés	1997	0	1	1
	Lingua estranxeira I: Inglés	1998	0	1	1
	Lingua estranxeira I: Inglés	1999	2	4	6
	Lingua estranxeira I: Inglés	2000	18	25	43
1º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais C	Lingua estranxeira I: Francés	2000	1	0	1
	Lingua estranxeira I: Inglés	1999	1	0	1
	Lingua estranxeira I: Inglés	2000	14	4	18
1º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais H	Lingua estranxeira I: Inglés	1998	1	0	1
	Lingua estranxeira I: Inglés	1999	2	3	5
	Lingua estranxeira I: Inglés	2000	5	1	6
Totais:			45	40	85



ESTADÍSTICA DE MATRÍCULA POR ENSEÑANZA, IDIOMA E ANO DE NACEMENTO

Ensinanza: **Bacharelato**
 Curso: **2º Bacharelato**
 Réxime: **Réxime xeral-ordinario**

Ano académico: **2016/2017**

Ano inicio: **2016/2017**

Grupo: **Todos**

Ensinanza	Idioma	Ano	Mulleres	Homes	Total
2º Bacharelato Ciencias	Lingua estranxeira I: Inglés (1º Bac.)	1998	0	1	1
	Lingua estranxeira I: Inglés (1º Bac.)	1999	0	3	3
	Lingua estranxeira II: Francés	1999	1	0	1
	Lingua estranxeira II: Inglés	1997	0	1	1
	Lingua estranxeira II: Inglés	1998	1	7	8
2º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais C	Lingua estranxeira II: Inglés	1999	14	18	32
	Lingua estranxeira II: Inglés	1998	1	1	2
	Lingua estranxeira II: Inglés	1999	5	6	11
2º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais H	Lingua estranxeira I: Inglés (1º Bac.)	1998	1	0	1
	Lingua estranxeira I: Inglés (1º Bac.)	1999	0	1	1
	Lingua estranxeira II: Inglés	1998	1	0	1
	Lingua estranxeira II: Inglés	1999	7	2	9
Totais:			31	40	71



ESTADÍSTICA DE MATRÍCULA POR ENSEÑANZA, QUENDA E GRUPO

Ensinanza: **Ciclos formativos**
Curso: **1º Video disc-jockey e son**
Réxime: **Réxime xeral-ordinario**

Ano académico: **2016/2017**

Ano inicio: **2016/2017**

Grupo: **Todos**

Ensinanza	Quenda	Grupo	Mulleres	Homes	Total
1º Video disc-jockey e son	Xomada continua	A	5	15	20
		Totais:	5	15	20



ESTADÍSTICA DE MATRÍCULA POR ENSEÑANZA, QUENDA E GRUPO

Ensinanza: **Ciclos formativos**
Curso: **2º Video disc-jockey e son**
Réxime: **Réxime xeral-ordinario**

Ano académico: **2016/2017**

Ano inicio: **2016/2017**

Grupo: **Todos**

Ensinanza	Quenda	Grupo	Mulleres	Homes	Total
2º Video disc-jockey e son	Xomada continua	A	1	7	8
		Totais:	1	7	8



ALUMNADO QUE REPITE

Ensinanza: **Educación secundaria obrigatoria**
Curso: **1º Ensinanza secundaria obrigatoria**
Réxime: **Réxime xeral-ordinario**

Ano académico: **2016/2017**

Ano inicio: **2016/2017**

Grupo: **Todos**

Ensinanza	Mulleres	Homes	Total
1º Ensinanza secundaria obrigatoria	1	0	1
Totais:	1	0	1



ALUMNADO QUE REPITE

Ensinanza: **Educación secundaria obrigatoria**
Curso: **2º Ensinanza secundaria obrigatoria**
Réxime: **Réxime xeral-ordinario**

Ano académico: **2016/2017**

Ano inicio: **2016/2017**

Grupo: **Todos**

Ensinanza	Mulleres	Homes	Total
2º Ensinanza secundaria obrigatoria	4	1	5
Totais:	4	1	5



ALUMNADO QUE REPITE

Ensinanza: **Educación secundaria obrigatoria**
Curso: **3º Ensinanza secundaria obrigatoria**
Réxime: **Réxime xeral-ordinario**

Ano académico: **2016/2017**

Ano inicio: **2016/2017**

Grupo: **Todos**

Ensinanza	Mulleres	Homes	Total
3º Ensinanza secundaria obrigatoria	1	5	6
Totais:	1	5	6



ALUMNADO QUE REPITE

Ensinanza: **Educación secundaria obrigatoria**
Curso: **4º Ensinanza secundaria obrigatoria**
Réxime: **Réxime xeral-ordinario**

Ano académico: **2016/2017**

Ano inicio: **2016/2017**

Grupo: **Todos**

Ensinanza	Mulleres	Homes	Total
4º Ensinanza secundaria obrigatoria Ensinanzas académicas	0	0	0
4º Ensinanza secundaria obrigatoria Ensinanzas aplicadas	5	5	10
Totais:	5	5	10



ALUMNADO QUE REPITE

Ensinanza: **Bacharelato**
Curso: **1º Bacharelato**
Réxime: **Réxime xeral-ordinario**

Ano académico: **2016/2017**

Ano inicio: **2016/2017**

Grupo: **Todos**

Ensinanza	Mulleres	Homes	Total
1º Bacharelato Ciencias	0	5	5
1º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Ciencias Sociais	1	0	1
1º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Humanidades	2	2	4
Totais:	3	7	10



ALUMNADO QUE REPITE

Ensinanza: **Bacharelato**
Curso: **2º Bacharelato**
Réxime: **Réxime xeral-ordinario**

Ano académico: **2016/2017**

Ano inicio: **2016/2017**

Grupo: **Todos**

Ensinanza	Mulleres	Homes	Total
2º Bacharelato Ciencias	1	10	11
2º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Ciencias Sociais	1	0	1
2º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Humanidades	1	1	2
Totais:	3	11	14



ALUMNADO QUE REPITE

Ensinanza: **Ciclos formativos**
Curso: **1º Video disc-jockey e son**
Régime: **Régime xeral-ordinario**

Ano académico: **2016/2017**

Ano inicio: **2016/2017**

Grupo: **Todos**

Ensinanza	Mulleres	Homes	Total
1º Video disc-jockey e son	0	1	1
1º Video disc-jockey e son (16/17)	0	1	1
Totais:	0	2	2

Noia, novembro de 2016

Dirección IES Virxe do Mar